



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caúdiño, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 25 DE NOVEMBRO DE 2024.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as doce horas do día vinte e cinco de novembro de dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros do Concello de Beade, que de seguido se citan, para celebrar sesión plenaria de carácter ordinaria. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA
D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN
D^a. MARÍA DEL CARMEN RAMA COTELO
D. MIGUEL ÁNGEL CARREIRO ESTÉVEZ
D^a. SILVIA RODRÍGUEZ FERRO.
D. ADÁN FORMIGO SÁNCHEZ

Os presentes están asistidos polo Secretario-Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde del Día, que resultan ser:

1.- APROBACION DA ACTA DA SESION CELEBRADA CON DATA 14 DE NOVEMBRO DE 2024.- Por parte do representante do grupo socialista maniféstase que na notificación da convocatoria non figura o Concelleiro Sr. González Alarcón.

Por Secretaría maniféstase que o Concelleiro está notificado, como proba a súa presenza na sesión, e que foi un erro de transcripción.

Os membros presentes do Pleno, que asistiron á totalidade da sesión do 14 de novembro de 2024, por UNANIMIDADE, aproban a Acta da sesión.

2.- DESIGNACIÓN MEMBRO DA CORPORACIÓN DA MANCOMUNIDADE I. V. DO RIBEIRO.- Producida a baixa na Corporación do Sr. Formigo de la Fuente, membro da Mancomunidad, procede o nomeamento dun novo Concelleiro da Corporación de Beade para formar parte dos órganos de goberno da entidade supramunicipal.

A Alcaldía, propón a D. Jorge Antonio González Alarcón para formar parte de dito organismo.

Sometida a proposta da Alcaldía a votación, obtense o seguinte resultado: TRES (3) votos a favor, DOUS (2) votos en contra, o dos representantes do grupo municipal socialista e DÚAS (2) abstencións, as dos representantes de Avide e Por Beade, quedando, polo tanto, aprobada a proposta e elevada a acordo.

Antes de entrar no punto terceiro da orde do día, pola representante de Avide maniféstase que non foi dada conta das Resolucións da Alcaldía, polo que non se poden debater.

A Alcaldía resposta que as Resolucións non son obxecto de debate, que calquera aclaración pode solicitala por escrito no rexistro do concello, e que dará conta das Resolucións na seguinte sesión.



CONCELLO DE BEADE

P32011OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

3.- ROGOS E PREGUNTAS.- Por parte da Alcaldía maniféstase que por orde de representación na Corporación, os representantes políticos farán as súas preguntas ou rogos seguidas; cúa contestación pola Alcaldía farase nese momento ou por escrito, segundo establece a normativa. De seguido, prodúcense as seguintes intervencións:

Polo representante de Por Beade:

1.- Pregunta polas actividades do nadal.
2.- Pregunta polas barandillas do tanatorio, que se atopan en mal estado e pola terra que baixa polo camiño.

3.- Pregunta pola renuncia a Casa do Maior, o motivo da renuncia.

A Alcaldía resposta ás seguintes cuestións:

No nadal farase un campamento para nenos, actividades relacionadas co Papá Noel e Reis, e instalaranse luces en varias zonas do pobo. As barandillas están en mal estado, e serán substituídas cando se consiga financiación. A terra que baixa polo camiño do tanatorio xa foi retirada fai pouco tempo, pero coas choivas vólvese a depositar no camiño. Sobre o asunto da Casa do Maior, é un tema que débese falar coa interesada.

Pola representante de Avide:

1.- Manifesta que non poido asistir ao anterior Pleno, no que se votaron os orzamentos, e que se fixou data sen consenso cos representantes do pobo.

2.- Manifesta que se acordou en Pleno a grabación das sesións, e que no Pleno anterior pasaron cousas que lle chamaron a atención, duda que estivera o grupo de goberno, polo que pregunta para cando se instalará o equipo de grabación.

3.- Pregunta polo muro do Pereiro, que o tirou a empresa que arranxou o camiño, e que, sen embargo, como figura nun cartel de obra, estao arranxando o concello cunha subvención.

4.- Pregunta polo pago a Mancomunidade que figura no orzamento do 2025.

5.- Dado que foi aprobada unha moción para o control de animais soltos, pregunta si existe partida orzamentaria.

6.- Sobre o incremento da taxa de lixo, figuran 19.000,00 € de ingresos no ano 2024, e quere coñecer os gastos, e os estudo económico que se fixo.

7.- Sobre a partida de soldos do persoal do concello, figuran distintas partidas nos orzamentos, como complementos de destino, específico, así como trienios, figurando deste último concepto cantidades para o técnico en informática, aínda que acaba de chegar ao concello, polo que pregunta por ese cobro.

A Alcaldía resposta ás seguintes cuestións:

Sobre a fixación do Pleno dos orzamentos, non foi posible fixar unha data consensuada, e o Pleno debíase celebrar por prazos para aprobar os orzamentos. Sobre o muro, aínda que foi derruido cando a obra do camiño, coas choivas acabou de derrubar, facéndose cargo do arranxo o concello dado que o dono xa había cedido parte da parcela para o camiño.

Polo representante do grupo municipal socialista:

1.- En relación co Día da Muller que se celebrou fai pouco, resulta sorprendente que se adopte un acordo no que se substitúa a unha muller por un home nos órganos de goberno da Mancomunidade.

2.- Sobre o punto de rogos e preguntas, considera unha falla de respecto o cambio de criterio.

3.- Sobre a celebración do Día da Muller, pregunta por qué non se avisou a ningún concelleiro para o acto que se produxo na porta do concello.

4.- Pregunta si existe partida orzamentaria para as mulleres maltratadas.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

A Alcaldía resposta ás seguintes cuestións:

Na Mancomunidade non se substitúe a unha muller, senon a Manuel Formigo que causou baixa na Corporación. Sobre o punto de rogos e preguntas, é unha forma de organizar o desenvolvemento da sesión e que se fai en todos os concellos. Sobre o acto da Día da Muller, colocouse cartelería polo pobo e anunciouse na páxina web do concello.

Seguidamente, polo representante do grupo municipal socialista entrégase un escrito para que conste en Acta e que contén unha serie de preguntas, que de seguido se transcribe:

SR.SECRETARIO DO CONCELLO DE BEADE:

DESEARÍA QUE CONSTASE EN ACTA DO PLENO ORDINARIO QUE SE ESTÁ A CELEBRAR NESTE INTRE, O ESCRITO QUE LLE FAGO ENTREGA.

SR.ALCALDE:

ESPERO TER RESPONSA A ESTAS PREGUNTAS QUE LLE FORMULO.

- A) POR QUÉ NON OBTUVEN RESPONSA POLA SUA PARTE AS PREGUNTAS QUE LLE FORMULEI NUN ANTERIOR PLENO E QUE VOSTEDE SE COMPROMETEU A CONTESTAR POR ESCRITO?
- B) SI E OBLIGATORIO PRESENTAR ANTE O PLENO AS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA OU SIMPLEMENTE O FAI POR DEFERENCIA A CORPORACIÓN.
- C) POR QUÉ NON FIGURA NA ORDEN DO DÍA DE HOXE A RENUNCIA COMO CONCELEIRO DO SR. ADAN?
- D) QUÉ RAZÓN LLE LEVOU A CONVOCAR UN PLENO EXTRAORDINARIO A PRINCIPIOS DE ESTE MES Y AHORA ESTE ORDINARIO?
- E) SERÍA DO MEU AGRADO QUE AS ACTAS DOS PLENOS SE ME FORAN ENTREGADAS COA MISMA CELERIDAD QUE TRANSCURRIU DO ÚLTIMO PLENO A ÉSTE.TOTAL 11 DIAS. NORMALMENTE TARDA O SR.SECRETARIO,CANDO MENOS, UN MES EN ENVIALAS.
- F) O DÍA 2 DE XULLO DESTE ANO 2024, CELEBROUSE UNA XUNTA DE GOBERNO ONDE SE SOLICITA,ENTENDO QUE E A DIPUTACIÓN,A MODIFICACIÓN DUNHA ACTUACIÓN.CONCRETAMENTE NO PROGRAMA DE GASTO CORRENTE COA DENOMINACIÓN GASTOS DE PERSONAL MUNICIPAL CUN ORZAMENTO DE 4.450,67 EUROS. PODERÍAME EXPLICAR QUÉ SIGNIFICA EXACTAMENTE Y QUÉ É O MODIFICADO?
- G) DESDE ANTES DO VERÁN UN POUCO MAIS ABAIXO DO CENTRO DE SAUDE E XUSTO NO CAMIÑO QUE VAI HACIA A BODEGA DO SR. FORMIGO, HAY DOUS BOTES QUE SUPOÑO SERÁN DE PINTURA CISCADOS A BEIRA DA ESTRADA. CANDO MENOS E CURIOSO QUE DAQUELAS ONDE OS BOTES ESTÁN AHÍ O SR. FORMIGO AINDA ERA CONCELEIRO MEMBRO DO SEU PARTIDO POLÍTICO E SI NON PASOU POR AHÍ MIL VECES,FORON POUCAS, SIN EMBARGO NADIE AS RECOLLEU E QUITOUNAS DE EN MEDIO. O MISMO DIGO DOS EMPLEADOS MUNICIPALES,TEÑAN O CARGO QUE TEÑAN. DESDE LOGO DÍCE MOITO ESTA MANEIRA DE NON ACTUAR.LAMENTABLE.NON CREO QUE COSTE MOITO TRABALLO QUE UN TRABALLADOR OU CONCELEIRO RECOLLA ESE BOTES Y OS DEPOSITE ONDE PROCEDA.
- H) DE SEMPRES HUBO PERSONAS VECIÑAS E NON VECIÑAS DE BEADE QUE AMANTES DO GLIFOSATO SE DEDICABAN A VOTAR ESE VENENO NAS PARCELAS DA SUA PROPIEDAD E MAIS A DALGÚN VECIÑO SIN O CONSENTIMENTO DO DONO.HOXE EN DÍA EN BEADE EN VISTA DOS SUCIOS QUE ESTÁN OS CAMIÑOS PÚBLICOS CHEOS DE SILVAS E DE MATORRALES QUE INCLUSO E POSIBLE QUE O IR CO COCHE VEÑAS DE VOLTA CUN RALLAZO,POIS COMO DIGO HAY MOITA XENTE QUE ANTE A PASIVIDAD DESTE GRUPO DE GOBERNO DE MANTER OS CAMIÑOS LIMPOS, MOITOS VOTAN HERBICIDA O PRIVADO Y A O PÚBLICO. Y ESTÁ CLARO QUE O HERBICIDA EN CAMIÑOS PÚBLICOS NON ESTÁ AUTORIZADA.POLO QUE SE ROGA FACER SABER AS PERSOAS QUE INFRINXEN ESTA NORMA QUE ESTÁN A COMETER UNHA INFRACCIÓN POLA QUE PUDERAN SER SANCIONADAS. Y POR OUTRA SOLICITAR A ESTE GRUPO DE GOBERNO QUE FAGA ALGO MAIS QUE QUEIXARSE DA FALTA DE RECURSOS MATERIALES E HUMANOS.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

- I) SOLICITAR A ESTE GRUPO DE GOBERNO UN CONVENIO COA DIPUTACIÓN DE OURENSE PARA A RECOLLIDA DE CANS, GATOS ETC. QUE APAREZAN ABANDOADOS POLO CONCELLO DE BEADE, DE FORMA QUE OS ANIMAIS NON QUEDEDEN DESPROTEXIDOS.
- J) E CERTO QUE NA ÉPOCA DE VERAN HAY QUE LIMPAR LEIRAS QUE ESTÉN DENTRO DOS LÍMITES QUE ESTIPULA A XUNTA DE GALICIA PARA EVITAR INCÉNDIOS CON GRAVES CONSECUENCIAS PARA A POBOACIÓN. ESO ESTÁ MUY BEN. PERO O QUE NON É DE RECIBO É QUE UNHOS CUMPLAN COA NORMATIVA Y OUTROS NON. É COÑECIDO UN CASO EN BEADE ONDE O DONO PAGOU 5.000 EUROS POR LIMPAR A SUA PARCELA .O TRISTE DE TODO ESTO É QUE DESDE ESTE GRUPO DE GOBERNO SE SABE DE LEIRAS QUE NON SE LIMPIAN, INCUMPLINDO CLARAMENTE A NORMATIVA E NON SE LLES MUELTA, FACENDO UN CLARO AGRAVIO COMPARATIVO.
- K) O DÍA 12 DE OUTUBRO A GARDA CIVIL DA CONTORNA ENVIÓU UNHA INVITACIÓN A ESTA CORPORACIÓN PARA ACUDIR A CELEBRAR A ALGÚN CUARTEL A CELEBRACIÓN DO DÍA DO PILAR?
- L) AS CÁMARAS DE SEGURIDAD QUE ESTÁN A ENTRADA DA CASA DO CONCELLO, FUNCIONAN?
- M) POR LO QUE RESPECTA A LA NOTICIA PUBLICADA EN UN MEDIO ESCRITO SOBRE LA ACUSACIÓN QUE SE HACE A UNA MUJER DE BEADE POR HABER SUSTRADO 14.000 EUROS A SU VECINA, QUÉ SABE ESTE GRUPO DE GOBIERNO SOBRE EL ASUNTO, PUES ENTIENDO QUE LA GUARDIA CIVIL LE HAYA INFORMADO A USTED AL DETALLE.

EN BEADE A 25 DE NOVIEMBRE DEL AÑO 2024

A Alcaldía resposta ás seguintes cuestións:

As preguntas do último Pleno foron contestadas e enviadas a todos os grupos da Corporación vía email. Dase conta de Resolucións de acordo coa normativa. O Pleno extraordinaria foi convocado por prazos de aprobación dos orzamentos. Sobre a confección das actas dos plenos, debería ser motivo de agrado que se fixera con tanta celeridade. Sobre a limpeza de parcelas, é unha obriga marcada por leis nacionais e autonómicas que iste concello intenta que se cumpran, polo que remitiu escritos a todos aqueles que debían de limpar as fincas, aínda que é competencia da Consellería de Medio Rural as sancións oportunas. Sobre a noticia da substracción de diñeiro a unha veciña, non ten noticias que non sexan as que aparecen nos medios de comunicación.

E non habendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a reunión, sendo as trece horas, de todo o que que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



Asdo.: Fernando Taboada Guntín.



Asdo.: Pablo Fernández Loureiro.